IRMIÁ

REVISTA MENSUAL
DE CRENTES GALEGOS
ANO XXXIX
Nº 1018
De setembro a outubro de 2020

Benia quen constrúe a paz!



“Nada possuir, nada carregar, nada pedir, nada calar e, sobretudo, nada matar”

(Dom Pedro Casaldáliga)

A foto que fala

Un setembro de interrogantes



O trasno

Daniel López Muñoz

Demasiado noso

Ten que ser algo gravado a lume no ADN galego. Compartímolo con Portugal, algo logo moi atlántico, quizais. Unha síndrome de desconfianza cara ao noso, ao que nos fai distintos –e distantes– do conxunto, dos conxuntos nos que a historia nos foi poñendo. Desde logo que ten un lado bo, pois é unha vacina contra o virus do "chauvinismo" –iso que din que é tan francés, pero que comparten case todas as culturas imperiais– e, ademais, dános esa capacidade de rir de nós mesmos, sen deixar de considerarnos riquiños, sen perder chisco de convencemento de que temos as mellores patacas do universo.


Por esa síndrome seguramente deixamos que desfixesen –desfixemos, en definitiva– a fermosura antiga das nosas vilas mariñeiras, sen a máis mínima resistencia. Por iso a paisaxe que temos, natureza e patrimonio, é fonte de todo tipo de morriñas –*lonxe da terriña, lonxe do meu lar*–, pero non temos problema en que se destrúa e perda a súa "distintez". Por iso estamos tan felices con que o idioma propio e ben falado sexa substituído por outro distinto ou por outro ao que chaman igual, pero que, deusmeperdoe, manca nos oídos.

Pero a riquiñez adaptativa ten consecuencias. Pagamos esa factura moitas veces. Agora, por exemplo, volve a nova de que un campus universitario excelente coma o de Lugo, especializado en formar técnicos agrarios que transformen o país desde a propia tradición, desde os propios recursos, innovando con raíz, ten outra volta prazas vacantes. Pois iso. Como se esa formación para retomar o noso potencial para producir alimentos de calidade fose "demasiado galego" como para atraer a xente nova galega.

O curioso que nin coa lección do COVID-19 aprendemos. Esta pandemia puxo en claro que hai actividades económicas prescindibles e outras imprescindibles. O sector primario, iso din os estudos publicados, foi –xunto coa banca! – o único que medrou durante esta crise sanitaria.

Está claro que temos os recursos para producir os mellores alimentos de Europa. É cuestión de organizalos. Alimentos imprescindibles, industria "resistente ás crises". A marca Galicia ole a boa comida e Finlandia, Flandes e Renania Westfalia. Hai camiños abertos.

Se non o facemos é máis ben por nós, por coherencia cos nosos principios máis arraigados, porque nos sigue cheirando a que é algo noso de máis como para pagar a pena.



Editorial

Dom Pedro e nós

Hai un proverbio africano que di que o mellor xeito de honrar a un defunto é traballar a súa horta. No mes de agosto, na ribeira do río Araguaia, no cemiterio dos indios Karajá, entre unha prostituta e un peón, recibiu sepultura o bispo e profeta Pedro Casaldaliga. Durante anos o mesmo Pedro enterrou nese lugar centos de campesiños asasinados a causa da defensa dos dereitos indíxenas. Había tempo que unha nova relixiosa non tiña tanta repercusión nos medios de comunicación de todo o mundo.

O bispo, profeta e poeta, apercibido pola inquisición romana que lle quixo impor o silencio, foi un auténtico místico e, como tal, rebelde e libre. Non se trata aquí de trazar un esbozo da súa vida -sería doado- senón de descubrir as claves de Pedro coma interrogante ante as nosas formulacións de crentes nun tempo e nun país.

O radicalismo evanxélico ao estilo de Xesús de Nazaré, bebendo primeiro da oración e a contemplación para poder vencer as tentacións do poder, o dominio, a fortuna. Crear espazos de silencio e de escoita nas nosas comunidades, conducidos ao deserto polo materno espírito para buscar a primeira liberación, a do propio ego.

Exercer a profecía, como compromiso coa nosa terra, na nosa cultura, na lingua da nosa xente. Descubrir e denunciar os poderes opresores que afogan a vida das persoas, agachados cos disfraces de *consumo, benestar, pensamento único, comodidade, clericalismo, individualismo, desmemoria, ritualismos...*

Na ribeira do río Araguaia, no cemiterio dos indios Karajá, entre unha prostituta e un peón, recibiu sepultura Pedro Casaldáliga

Compartir a pobreza e descubrir a ausencia de Deus na falta de pan, traballo, vivenda, saúde, paz, alegría! Recuperar a Deus recuperando pan, traballo, dignidade. Desde a opción de vivir pobres e sinxelos-non querendo ser máis que *"vestidos polo vento"* que escribiu Casaldáliga.

Sendo co-creadores e coidadores convencidos da nai terra e todas as criaturas, comprometidos con toda causa que defenda o coidado da casa común. "Q*ueremos terra na terra, xa temos terra nos ceos",* cantamos na romaxe de Arzúa lembrando aos Sem Terra de todo o mundo. Os terratenentes, os *fazendeiros* levan agora o nome de grandes corporacións, multinacionais, celulosas... e deforestan non só os bosques, tamén o corazón de moitas persoas.

Pedro Casaldáliga viviu ata o extremo estas propostas, arriscando tantas veces a vida: *"As miñas causas valen máis que a miña vida".* Quixeron ignoralo porque unha vida auténtica como a súa deixa á vista as vergonzas da hipocrisía. Quédanos seguir traballando a súa horta guiados polo seu cantar:

Não ter nada.
Não levar nada.
Não poder nada.
Não pedir nada.
E, de passagem,
não matar nada;
não calar nada.
Somente o Evangelho, como uma faca afiada.

E o pranto e o riso no olhar.
E a mão estendida e apertada.
E a vida, a cavalo, dada.

Amiguiños si...

Carlos Vázquez González

O gran perigo de estar a velas vir

A renuncia pública de Felipe VI, meramente simbólica, a herdar a fortuna do pai e a retirada ao rei emérito da retribución que a Casa Real lle tiña asignada son dúas decisións políticas que implican o recoñecemento oficial do reproche ético e político ás actividades do ex xefe do Estado. O reproche penal é outra cousa: será posible ou non, en todo ou en parte, pero mentres a Xustiza non se pronuncie, require a presunción de inocencia. No ámbito da ética e da política, en cambio, non cabe presunción ningunha, pois é sabido que o cargo público non só debe ser honorable, senón tamén parecelo. E a honorabilidade de Juan Carlos de Borbón está cuestionada polos feitos, por información pública solvente e veraz, polo seu propio fillo que, ademais, é xefe do Estado, e por el mesmo coa súa esperpéntica escapada.

A Coroa, especial e compulsivamente protexida como pedra angular do réxime, entra na crise xeral do modelo nado en 1981 tras o golpe fallido de Tejero. Ninguén dubida xa de que non hai máis saída razoable ca unha reforma profunda da Constitución; pero tamén sabe todo o mundo que non se dan as condicións políticas suficientes para acometela, polo menos a curto prazo. É dicir, nun momento de fonda crise económica e social, cunha emerxencia sanitaria global inédita, entramos tamén nunha crise política que, irremediablemente, traerá grande inestabilidade se non trae perigosas convulsións sociais.



Para empezar, cómpre ter en conta que a Constitución do 78 non ten nais, só tivo pais, así que a relectura xeral do texto constitucional desde unha perspectiva de xénero é ineludible para que a muller estea presente no grao e nivel que lle corresponde á metade da cidadanía. Se a isto engadimos que a Carta Magna xa non serve para a articulación territorial e plurinacional do país, nin resolve a disxuntiva entre monarquía ou república, nin permite de facto avanzar na calidade democrática do Poder Xudicial, nin recolle e fai explícitos novos dereitos dos cidadáns que a realidade esixe, entón semella razoable considerar que pouco tempo nos queda para podermos decidir, serena e pacificamente, entre unha reforma a fondo da Constitución ou a apertura dun período constituínte para dotármonos dunha nova lei fundamental.

Os partidos principais e a maioría dos nosos prebostes políticos están paralizados, limítanse a ir tirando, procrastinando *ad calendas graecas* as iniciativas e medidas máis cardinais. É dicir, están a velas vir. Velaí o gran perigo.

Non hai máis saída ca unha reforma da Constitución

A vaquiña polo que vale

Pedro F. Pedrouzo Devesa

Aforros dos concellos: benditos ou malditos?

En 2012 aprobouse a Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, que tiña a intención de reducir o nivel de endebedamento público das distintas administracións. Os concellos e as deputacións pasaron nestes oito anos de seren en gran medida deficitarios a acumularen uns aforros de entre 15 000 e 22 000 millóns de euros. Tradicionalmente os concellos non tiñan gran problema para usaren eses aforros nos exercicios futuros, pero a lei puxo moitas trabas a ese xeito de actuar, facéndoo inviable na práctica para moitos. A lei prohíbelles o déficit, pero, ademais, o diñeiro que lles sobra cada ano non pode ser gastado en anos posteriores.


A paradoxa dunha práctica que, a simple vista, parece positiva na vida privada trae problemas para as administracións públicas. Un deles é que se calcula que lles teñen que pagar aproximadamente uns 700 millóns de euros ás entidades financeiras por teren os cartos nas súas contas. Por que? Porque lles cobran xuros negativos. Os aforradores queixámonos de que os bancos non dan nada polos cartos..., pero é que en determinadas circunstancias e a determinados clientes xa non é que lles dean pouco, é que lles quitan polo que teñen.

Ao mesmo tempo, o Goberno do Estado está recorrentemente acudindo aos mercados a endebedarse, e todo augura que nos vindeiros meses esa tendencia irá en aumento, debido á baixa de recadación que sufrirá e ao aumento das necesidades de gasto que a pandemia está xerando.

Concellos, por que non financiades o Goberno do Estado sen xuros?

É neste contexto cando xorde esa peculiar idea.

Concellos, por que non financiades o Goberno do Estado sen xuros? Devolveravos eses cartos en dez anos e, a cambio, daravos unha serie de vantaxes que vos permitan dispor de máis fondos en 2021. Esa negociación, salvada cun voto de calidade, materializouse no *Acordo entre o Ministerio de Facenda e a Federación Española de Municipios e Provincias para a liberación dos remanentes e o uso do superávit por parte dos concellos*. O acordo non ten contido obrigatorio, polo que cada concello pode escoller adherirse ou non.



Todo apunta a que non vai poder convalidarse no Congreso o texto que aprobe o Consello de Ministros mediante Real Decreto Lei. Así que, durante as vindeiras semanas, asistiremos a unha negociación de máximos e mínimos que posiblemente se salve por moi poucos votos, propiciados polos partidos que, tradicionalmente, teñen máis cintura para negociar fronte aos que sempre encontran un motivo para, na práctica, votar en contra e quedaren moi tranquilos sen conseguiren nada.



O peto do santo Antón

Manuel Regal Ledo

NA SOLEIRA DO DEUS DA VIDA

Benqueridas amigas e amigos,

Estaba eu, o voso santo Antón, agardando resposta á última carta que vos mandei, van aló dous meses, cando hoxe mesmo o carteiro do ceo –ese ao que vós lle chamades a *Ruah*– me trouxo un paquetiño co libro de Manolo Regal Ledo titulado *Na soleira do Deus da vida.* Moi contento me puxen! Ves, aínda que un anda por aquí polo ceo, onde o temos todo por máis que nada necesitamos, gústame recibir destes agarimos. Abrín o libro con ilusión e vin de que ía a cousa: argalladas do Regal, que anda sempre dándolle voltas á vida e a Deus, a Deus e á vida, sabendo que no fondo son unha única e fermosa cousa e bendición.

Lino de coiro a coiro dun tirón. Aquí as cousas son así, non contan os tempos. Vexo que o seu amigo Xosé Antón lle fai un prólogo moi aquelado, narrando a traxectoria vital e literaria do Manolo. E logo ten seis partes: INVITACIÓN, onde ousa situarnos en diálogo coa presenza da novidade do Deus de Xesús; DO BERCE ATA A GLORIA, na que se lle ve gozando ao achegarse ás pegadas do noso Señor nese voso mundo; DA MAN DE SANTA MARÍA, onde, con gusto e maneiras populares, pretende deixarse agasallar pola grandeza desa humilde muller de aldea que foi María de Nazaré; NA ROLDA DA VIDA, e aquí hai de todo, como na vida mesma, e todo buscando ser vivido desde unha maneira cristiá de ver e de sentir; AUTORETRATO, que lle serve a Manolo para nos ir contando en forma de pregarias o complexo proceso da súa existencia, a través do cal se foi facendo algo home e crente; e DECÁLOGO DUN LAICADO FRATERNO, un texto no que deseña as formas dun laicado polo que tanto se suspira na Igrexa nestes momentos.



Xa veredes, se o ledes: o libro é para rezar e meditar e vivir. Todo vai escrito en forma de pregarias ou meditacións, unhas máis curtas, outras máis longas; algunhas con forma poética case sempre popular, próxima; outras máis en forma de prosa poética. Pero máis aló da roupaxe exterior, coa que eu tamén gocei, o que importa é ver se, como di o título, todo iso ten a graza de nos aproximar ao fogar de Deus, se todo iso nos sitúa cando menos, e non sería pouco, na soleira de Deus. Eu coido que si.

Veña, apertas. Ánimo co do *coronavirus.* Aquí de momento non chegou. Contade comigo, connosco, con toda esta inmensa multitude, para todo o que vos faga falla. Todas, todos somos un. E sen vós non somos nós. Querémosvos.

O CARRABOUXO por Xosé Lois





O peto común

Josecho de la Torre

Volver ás escolas



Que os nenos e nenas deben volver ás escolas sabémolo todos. O regreso será, se todo é favorable, seis meses despois de que as súas escolas pechasen por mor da pandemia. Seis meses é un tempo considerable na vida dun adulto, pero moito máis o é na vida dun cativo en idade infantil ou primaria. Sucede ás veces (moitas) que esquecemos que os ritmos dos adultos son diferentes aos ritmos dos nenos e subestimamos espazos, tempos e momentos ou, o que é o mesmo, oportunidades diarias de medrar integramente. Ultimamente perdemos moitas, pero quen sabe se tamén atopamos outras novas; está por ver. Por tanto, é momento de reencontrarse con todo aquilo que deixaron atrás e sentilo preto: compañeiros, mestres, recreos, patios... e, por suposto, facelo coas medidas sanitarias axeitadas que os gobernantes deberían ter preparadas despois da primeira onda da pandemia. Suponse, crese, confíase en que iso sexa así.

As nais e pais tamén o precisan como auga de maio. Podiamos facer unha lista interminable de familias que tiveron que facer verdadeiros malabares para poder ocupar con garantías o tempo dos seus fillos mentres atendían os seus traballos e tarefas diarias. É para alongar na memoria o esforzo durante o confinamento deixando de convivir na mesma vivenda cos seus fillos porque seguían traballando en lugares de risco, lugares que, por certo, resultaron imprescindibles para a saúde ou o abastecemento de alimentos.

Os centros escolares e os seus equipos tamén o precisan. O seu propósito é educar e sen a volta dos rapaces nada ten sentido. Aos centros tamén se lles presenta un inicio de curso cheo de interrogantes, cargados, se cabe, dun exceso de responsabilidade ante unha situación inédita.

Quérese crer que que aínda somos unha sociedade forte, que, como outras veces ao longo da historia, saberá seguir adiante a pesar dos obstáculos. Neste caso o inimigo é forte e invisible, pero vivimos confiados en que, máis antes que tarde, remate este pesadelo.

Rumores de esperanza

Xan Guillén

Xa dixen que en ocasións un tiña gana de fuxir da Igrexa. É neses momentos cando se abre unha porta e atopas algunha historia de alguén desde dentro da Igrexa que entendeu o Evanxeo e lévao á súa vida. Neste caso refírome á monxa carmelita arxentina Mónica Astorga, que leva anos traballando e, sobre todo, acompañando as prostitutas transexuais.



A súa chamada comezou cando unha delas chegou á súa parroquia con gana de falar e entregar o *diezmo do seu labor na prostitución. Alí atopou un mundo na periferia cunha ferida aberta e profunda. Eran as novas leprosas.

Sen dúbida, a vida desta monxa afouta debeu ser dura. Imaxinamos todo o que escoitou nesa periferia e no mundo da ortodoxia eclesiástica. Por iso lle debeu dar moitos azos a mensaxe que o Papa Francisco lle mandou. “Rezo por ti e polas rapazas”. Unha mensaxe que, se analizamos ben, é tremendamente revolucionaria.

Morreu hai uns días outro afouto loitador. Casaldáliga tamén viviu na periferia. Nesta Igrexa quero estar.

A peneira

Beatriz Cedrón



O CARRABOUXO vive abafado desde hai tempo entre terrazas e mesas que o teñen sitiado e algúns ataques por parte de persoas de valentía dubidosa recibidos nos últimos anos. Segundo o seu creador, Xosé Lois González, "é unha estatua mártir, pero tamén o son os cidadáns que non teñen acceso a ela". O concello de Ourense, coñecedor da situación, anuncia sancións fronte aos incumprimentos dos requerimentos feitos aos establecementos para que respecten a distancia coa súa figura.



No pasado Festival de Pardiñas presentouse ***NO BALEIRO DUNHA SOIDADE***, obra de Baldomero Iglesias Dobarrio dirixida a rapaces e que tamén está a ter éxito entre as persoas adultas. O libro, que inaugura a colección Chuchamel, editada pola Asociación Xermolos, conta a peregrinaxe de Runi e o robot Orieca desde Ribadeo a Compostela, recreando cos seus diálogos o percorrido físico e social dos dous protagonistas.

MATERFEM (Maternidades Feministas Galegas) é unha asociación de mulleres nais que traballa en distintos proxectos que visibilizan as violencias cotiás contra a maternidade e tentan facilitar a crianza e promover o debate sobre a maternidade e os coidados na sociedade. O seu traballo "Maternar en tempo de coronavirus" evidenciou a precariedade da conciliación e de como as nosas vivendas, as cidades e o urbanismo dificultan a vida diaria. De aquí xurdiu o proxecto "A cidade coidadora".



Outra publicación deste ano 2020 é o libro ***IRMANDIÑAS*** (Editorial Laiovento), de Aurora Marco, quen compilou as actividades de deceas de mulleres vencelladas ás Irmandades da Fala que foron silenciadas. Elas promoveron varias iniciativas de relevancia ata agora non divulgadas, nas que foron fundamentais, como coros e cadros de declamación, agrupacións dramáticas, no Seminario de Estudos Galegos e na actividade social, política, cultural, intelectual e a defensa da lingua.



CHRISTINA MOREIRA e outras seis teólogas presentaron na Nunciatura en Francia a súa candidatura a diversos ministerios ordenados xunto cun manifesto de denuncia da invisibilidade das mulleres na Igrexa Católica. Nel afirman que esta discriminación inxusta é unha das máis visibles e violentas. Solicitan o acceso das mulleres aos diversos ministerios e aos lugares de responsabilidade da Igrexa e afirman que os obstáculos existentes non son teolóxicos nin espirituais, senón políticos e culturais.



APATRIGAL (Asociación para a Defensa do Patrimonio Cultural Galego) creouse en 2016 para a defensa do noso patrimonio cultural. Procura concienciar as autoridades e a cidadanía na obriga de manter, conservar e mellorar a herdanza recibida e na súa transmisión nas mellores condicións as xeracións futuras. Estuda o territorio (arquitectura, urbanismo), a historia da arte galega (arqueoloxía e etnografía) e o patrimonio inmaterial. Publican artigos con moita frecuencia nas redes sociais.

Dúas **PROPOSTAS MUSICAIS** deste ano ás que se pode acceder a través de internet e as redes son o videoclip "Muinheira de interior" de Boyanka Kostova, onde mesturan muiñeira e trap dentro do seu traballo "Os dous de sempre" e, noutro rexistro moi diferente, o videoclip "Fórmula", do trío Peña, este repousado e elaborado con imaxes dos teléfonos de persoas achegadas que canta ao amor ás persoas, aos animais ou ao que cadaquén ame.



ALCOA non pechou e as negociacións permitiron que se estea a traballar nun acordo de venda ao grupo Liberty House nun proceso que se desenvolverá en tres fases, en principio ata o 27 de setembro. A Xunta e os sindicatos apoian o proceso e mentres dura o diálogo, as cubas de San Cibrao (empresa que supón ⅓ do PIB da provincia de Lugo) seguen funcionando.



Ferrados de corazón

Lucía Santiago Díaz

Xosé Manuel Pensado

“Se non nos abrimos a outras realidades, estamos quedando coxos como pobo vivo”



Os Ferrados de corazón vólvense internacionais neste número da man de Xosé Manuel Pensado e de Égueire. Sacerdote desde hai vinte anos, Pensado botou a andar, xunto con outra xente, esta asociación hai doce cun obxectivo concreto: cooperar co desenvolvemento africano, en concreto, con Costa de Marfil. Desde Mazaricos para o mundo!

Que é Égueire**?**

É unha asociación de cooperación internacional con sé en Mazaricos e que desenvolve proxectos sanitarios, educativos e de promoción económica en Costa de Marfil. Nacemos coa crise, no 2008, e aquí nos mantemos. En www.egueire.org podedes coñecernos mellor e ver o xeito de colaborardes con nós.

Que proxectos estades a realizar?

Neste momento colaboramos no mantemento da Maternidade, que inauguramos hai dous anos, e coa Asociación Amigos do Sorriso, que coida de nenos dos que as nais morren no parto e as familias non se poden encargar da crianza dos bebés polo custo que supón a comida “de farmacia”.

> A nosa inspiración foi e é a promoción humana partindo da súa propia realidade

Tamén colaboramos na xestión de nove cooperativas de mulleres postas en marcha con microcréditos. E o ano pasado iniciamos a construción dun centro de agricultura, gandería e acuicultura, pondo en marcha inicialmente a parte agrícola e este ano iniciaremos a parte de gandería.

Que obxectivos pensades acadar con cada proxecto?

Coa maternidade queremos paliar o alto índice de mortes de nais e bebés por problemas ligados ao parto; 16 mulleres morren diariamente por problemas no momento do parto, que realizan maioritariamente nas súas casas. Coa colaboración con Amigos do Sorriso pretendemos evitar que os bebés acaben nos orfanatos. Os bebés coidados pola asociación volven coas súas familias en canto poden comer normalmente a comida habitual no país.

No caso das cooperativas de mulleres pretendemos, por unha banda, aliviar a situación de pobreza nas zonas rurais de Costa de Marfil -nós traballamos na zona sur-. Por outra, tamén consideramos moi importante o empoderamento da muller nunha cultura moi marcadamente patriarcal. E, por último, pretendemos darlles medios ás mulleres e mellorar a vida das familias, posto que elas se preocupan da alimentación, da escolarización e da mellora sanitaria dos fillos.

Respecto da granxa escola, pretendemos seguir o principio de “Non lle deas un peixe, dálle unha cana e ensínao a pescar”. Queremos formar mozas e mozos para que poidan mellorar o xeito de cultivar, a introdución de novos cultivos, a mellora da crianza dos animais etc., de xeito que teñan máis e mellores alimentos e poidan dedicar os excedentes ao comercio. A venda



do que se produce na escola vai ser reinvestido na propia escola.

O mesmo poderiamos dicir da piscifactoría. Costa de Marfil ten un gran consumo de peixe, pero escasea fóra das temporadas de pesca. A cría en catividade pode paliar este problema, converterse nunha fonte segura e permanente de peixe, tanto para o autoconsumo como para o mercado.

Como se vos ocorreu facer os proxectos? Houbo algunha inspiración en concreto?

A nosa inspiración foi e é a promoción humana partindo da súa propia realidade.

Non impor proxectos, senón dar curso a proxectos que xorden das comunidades. A maternidade foi solicitada pola xente de Nandibou 2, onde está emprazada e, ademais da idea, doaron o terreo e colaboran no mantemento para que a sintan como algo propio. O mesmo sucedeu coas cooperativas ou coa Asociación Amigos do Sorriso.

No caso concreto da granxa escola, foi tamén a xente da aldea de N'Zida, a través da súa directiva tradicional, que nos pediron este proxecto porque viron que tiña un gran futuro para os seus fillos a promoción e produción de alimentos. Eles doaron o terreo -10 ha- e puxeron nas nosas mans dous mozos, que viñeron formarse aquí durante dous anos.

Traballades desde Galicia. Con que motivación?

Boa pregunta. A chegada de Désiré á nosa diocese -actualmente párroco na zona da ría de Cee-Corcubión- levounos a coñecer a realidade do seu país e ese contacto humano levounos ao obxectivo concreto de colaborar con el no desenvolvemento do seu país, Costa de Marfil.

Tentamos facerlle ver á nosa xente que se non nos abrimos a outras realidades humanas e culturais, estamos quedando coxos como pobo vivo. A vida é relación e intercambio. O que nós consideramos básico para o noso desenvolvemento persoal, familiar e social temos que loitar por el para todos os pobos. Falamos de familia humana. Galicia foi e é un pobo que migrou e nós cremos que é mellor facilitar o desenvolvemento dos pobos no seu propio contorno cultural. Non debera haber migración buscando o sustento diario. A realidade de pobo que tivo que migrar débenos levar a ser sensibles e solidarios coa xente máis empobrecida. Vivimos en crise, pero non podemos pechar os ollos a quen está moito peor ca nós.

Cando e como pensades levar a cabo os proxectos futuros?

Dúas liñas de acción: colaborar cos proxectos postos en marcha para que non decaian e crear novos proxectos.

Estaremos centrados na granxa escola por bastante tempo, posto que nos gustaría ir dando pasos ata crear un centro de formación profesional co seu propio internado para os alumnos que non poidan ir e vir a diario das súas casas.

Unha vez posta en marcha a parte de agricultura, gandería e acuicultura teremos que dar pasos de cara a formación en conservación, transformación e distribución do producido.

Deberemos crear infraestruturas para garantir todo isto: edificios, laboratorios, profesorado etc. Temos aquí tarefa para anos.

A vida é relación e intercambio. Falamos de familia humana.

Como se logra todo isto?


Principalmente contamos coas aportacións dos socios –segue a ser a fonte principal e permite organizar cada ano con anticipación-, imos logrando fondos a través de actividades como a Festa Africana, a Cea Solidaria de Nadal, os mercados de artesanía marfileña etc. Tentamos darnos a coñecer para aumentar o número de socios e captar axudas puntuais dalgunha persoa ou empresa que se interesa polos proxectos e tentamos acceder a subvencións públicas.



Ler para camiñar

Juan Antonio Pinto Antón

14 de Julio, de Éric Vuillard



Ou cando a vontade popular entra na historia. Apenas 185 páxinas en letra grande. E un exercicio de estilo vertixinoso, imaxinativo, delicioso. Paga a pena embarcarse nesta viaxe cara á realidade. É dicir, crónica viva, vibrante sobre un dos días que os almanaques subliñan coa mesma cor ca o sangue: cambiaría o curso da historia.

Pero desta volta, a historia non camiña polos vieiros habituais. Rostros, nomes, vidas, seres anónimos coparon o protagonismo que logo lles roubarían os libros de historia. Porque o 14 de xullo de 1789 non foi escrito polos grandes nomes que coñecemos, senón por nomes esquecidos. Foron eles os que derrubaron as portas da Bastilla, un dos símbolos do Antigo Réxime. Antigo e fondamente desequilibrado: os estamentos do alto clero e a nobreza eran o 3 %, mentres o terceiro estado copaba o 97 % da poboación.

O percorrido que fai o libro dese día vai da man de acontecementos e frases curtas, rotundas como se as horas foran talladas a golpes. Máis que novela histórica, que tamén, estamos diante do relato que fan, viven e protagonizan nomes reais que pronto esvararán cara ao anonimato. A historia protagonizada por sátrapas e reis, papas, guerreiros, nobres e donos da riqueza agora vai ser escrita pola xente do común que suma ese 97 %, polo conxunto da nación contra unha presada de privilexiados ata límites delirantes. Tan violento será o tsunami histórico que cambiará o mundo.

> Crónica viva sobre un dos días que os almanaques subliñan coa mesma cor ca o sangue


Pasou máis veces. Está a pasar. En momentos cruciais os portentosos ventos sociais derruban muros, portas e ventás, valores que cimentan unha época quedan desfasados para enfrontar problemas do presente. Por exemplo aquela primavera árabe, os movementos dos indignados, agora a rapazada contra a desfeita climática e a cegueira dos gobernos.

A historia dese 14 de xullo empézase a escribir para os pobos. A un lado, xente que pasa fame: 'Se non teñen pan, que coman pasteis', aconsellaba a raíña antes de que a súa testa repeiteada rodara ata o cesto. O malestar ferve, a carestía desborda. No outro lado, Versalles e a súa corte dos excesos máis aberrantes: unha illa de dilapidación nun mar de necesidade. Os desfavorecidos, os prescindibles, os 'desechables' que viven na cidade máis grande do mundo, decátanse de que son multitude: unha xigantesca onda de malestar empurra cara á Revolución Francesa.

Camiñamos, co libro nas mans, polas rúas de París. Para recuperar a memoria do pasado, aprender leccións da historia, vivir nun tempo de lectura a carón de xentes anónimas que cambiaron o rumbo do mundo. Reduciron a cascallos o Ancien Régime e abríronlle as portas á modernidade.

14 de Julio, de Éric Vuillard.

Utopía
EU ATÉÑOME AO DITO



Eu atéñome ao dito:

A xustiza,
a pesar da lei e o costume,
a pesar dos cartos e a esmola.

A humildade,
para ser eu, verdadeiro.

A liberdade,
para ser home.
E a pobreza,
para ser libre.

A fe, cristiá,
para andar de noite,
e, sobre todo, para andar de día.

E, en todo caso, irmáns,
eu atéñome ao dito:
a Esperanza!

P. Casaldáliga
Cantares de la entera libertad (1984)

Horizonte universal

Ramón Díaz Raña

Deus e a pandemia: presenza na ausencia



"Ola. Mándovos esta confesión. Vendédea ou queimádea. O que vos pete. Por aquí seguimos ben. De momento estamos acompañados de dona Saúde e dona Esperanza. Esta leva un tempo enfurruñada. Parece que quere irse. Nós pedímoslle que quede porque precisamos moito da súa axuda. Apertas espirutuais". **Desta maneira tan súa, tan próxima, enviounos Ramón Raña este texto, esta "confesión" na que dialoga a un tempo co noso editorial do mes de xuño -"Deus e a pandemia"- e con diversos textos de Carvalho Calero. Ofrecémola en aberto. A súa sinceridade ben o merece.**

Quen me dera saber dicir o que latexa no meu corazón. Chegoume *IRIMIA*. Lina dunha tirada. E, véndome naquelas xuntanzas de Romariz, aprobei con nota o "Editorial". Pareceume redonda, ben redactada. Despois, no repenso e na oración, cavilei e cavilei. Cadrou que había pouco que lera o traballo de Xesús Portas sobre Carvahlo Calero en *ENCRUCILLADA*. Remexín todo e saíu esta reflexión, feita para min, non para ensinar a ninguén. É unha confesión (1).

Diálogo. Canto se leva escrito e falado sobre a relación entre Deus e a pandemia! Os bramidos traspasaron os ceos. Pero, "¿Cal é o teu rostro? ...Como establecer o diálogo contigo? ...Ai, que guerra nos dás. Nos damos, logaritmos vulgares dunha cifra perfectamente exacta". Creo que levas falado abondo. O teu Verbo é inesgotable. Aínda que sexan posíbeis varias interpretacións, non penso que estean no certo os do "Proyecto Rayo Azul" e outros que nos queren convencer de que os fundamentos e interpretacións de todas as relixións son inválidas. Pero si que me atrevo a pedirche que me mostres o teu rostro, porque estou á procura e non vexo. "Que guerra nos dás". "Búscote entre néboas e tojos".

Humildade. Cada quen fala segundo lle peta. Todos somos moi listos e atrevidos. Montamos teses e teorías sen terlle medo ao misterio. Deus e pandemia; pandemia e Deus. É a mina que dá ferro para tirios e troianos. E lémbrome do enfado de Iahveh cos amigos de Xob por darlle consellos usando o seu Nome. Tíñanse por sabios. Que repugnante me resulta lembrar agora lerias relixiosas e homilías miñas para

> Que atrevemento aseverar con algoritmos o que non sei!

explicar "con logaritmos vulgares dunha cifra perfectamente exacta" "cal é o teu rostro". Palabras de feirante. Dou respostas técnicas, cando "na fixa eternidade o móvel pousa e acha o seu lume o obscuro devecer". "Ai que guerra nos dás". Respostas técnicas para explicar o misterio! "Irei-me sen sabelo. Mais de setenta anos preguntándo-o". Que atrevemento aseverar con algoritmos o que non sei!

O meu traballo é ir á túa procura, seguir os teus pasos, escoitar os teus ecos

Busca. "Volvín a escoitar a voz amada, aquela voz que endexamais ouvira sen sentir a presenza do infinito". "Este segue buscándo-te entre néboas e tojos. …Sombras, luces, praceres, dores, brados, silencios son moradas valeiras se nelas non estás. Mais se cadra a presenza túa é estar ausente".

Si. Estás presente en todo. Tamén no virus e na abella e na formiga e nas bágoas de Carmiña que quedou sen familia. É marabilla atoparte en todo e contemplarte. Son crente: vivo en ti. Pero aínda non aprendín a tratar a morte como unha irmá, nin a ver o furacán como unha obra túa magnífica e admirable. Terei que pasar noites en oración como Xesús para enchouparme do teu Espírito, velo todo cos teus ollos, meu Deus, e "sentir a presenza do infinito". Si. A realidade é teándrica.

Claro que teño que escapar do lume; pero o lume é marabilloso. Claro que me teño que defender do virus, pero de verdade que admira tanto poder en tanta pequenez.

Xesús non me ensina a dirixirme á causa primeira, á enerxía universal, ao gran arquitecto…, senón ao Pai-Nai; e, collido da súa man, pedirlle que me faga ver a súa vontade, o seu querer, o seu rostro… tanto na pandemia como no gozo. Porque o Pai-Nai, segundo Xesús, ten querer, ten vontade. Non creo na pura mecanicidade.

E eu, sen a túa man agarimosa, sinto frío, véxome en coiro, "orfo de Deus". Hai quen me forza a adorar as mediacións, as causas segundas. Non pode ser. "¿Como contentar pode a pequenez á pequenez?" "Quen a Deus viu, chegar a se-lo ousa. Na plenitude cristaliza o ser". Non pido que gobernes o mundo con milagres espectaculares esixidos desde as torres das igrexas. Pido medrar en fe, esperanza e amor, aínda que teña que suar sangue e pasar noites en conversa filial contigo, ata que descubra o teu rostro e me reveles a túa vontade.

Presenza. "Non se presentou nunca a presenza real ...o presente perfecto con presenza pura sen saudade nen soño ...o ponto do infinito onde se atopan ontes e mañás, vencedora do tempo,

puro presente eterno, a presenza real na eucaristía, omnipresente divindade sen a que o home é orfo de Deus. O presente infinito, infinito presente". O meu traballo é ir á túa procura, seguir os teus pasos, escoitar os teus ecos. A pandemia é un deles. E contemplar, admirar. Para ti, meu Deus, vallo máis que un gorrión. Ti segues actuando no teu eterno hoxe, "sen ontes nen mañás".

Eu non quero meterte no cuarto escuro, como fixo o eivado neto co avó cando veu a noiva por primeira vez á casa. Como era vello, tiña vergoña dos seus arroutes e que metese a pata. Eu pasei por etapas en que me daba medo de Ti. Dicíanse cousas moi raras. Unha das solucións era dicir "Creo en Deus Pai" e ao mesmo tempo meterte no sobrado a durmir a sesta e eu a xogar ás cartas coas mediacións e as causas segundas. Esquecinme de Ti e morriches só no sobrado. Hoxe, que estou topando coa xema dos dedos a banda do Alén, creo na túa presenza no aquí, no teu quefacer diario para me soster, porque vivo en Ti. Unha "presenza en ausencia", sen onte nin mañás, en saudade e en soños, vencedora do tempo. Si. Pola miña condición, sempre será unha presenza imperfecta.

(1) As citas están sacadas de *Encrucillada* nº 217.

Irimia en lila

Clara Baliñas Vidal

Reencontrándonos na Madalena

Un ano máis, desde a Asociación Mulleres Cristiás Galegas Exeria, celebramos a festa da Madalena o sábado 18 de xullo. Foi unha xornada chea de reencontros coa que concluíamos un curso truncado pola pandemia. Principalmente por esta razón, a palabra reencontro sería a que mellor resumiría o que en esencia foi ese día.

Comezamos a xornada no inicio da Rota da Pedra e da Auga no Concello de Ribadumia (Pontevedra). Camiñando e poñéndonos ao día, chegamos á zona na que desenvolveriamos a parte máis intensa da celebración. A auga foi o eixo que vertebrou a celebración na que fomos, cada unha na súa quenda, achegando distintos textos e reflexións sobre a auga. Léronse escritos (líricos e teolóxicos), composicións para a ocasión, transmitíronse pensamentos, cantóuselle á auga mentres nos acompañaba de fondo unha melodía constante: o correr do río Armenteira. Oramos xuntas desde a corporeidade fundíndonos co contorno: sentindo a terra baixo os pés, o zoar do vento na pel e escoitando a auga, fluíndo coa música e facendo presentes a todas as que non puideron estar.

Reparamos na relación que o pobo galego estableceu cos ríos mentres seguiamos o curso do río por medio dun bosque de galería. Tamén houbo un momento para mollar os pés co fin de levar mellor a calor do día e tamén para gozar dun xantar de festa á sombra. Non faltou a música, o baile e a troula. Xurdiu logo a idea de botar a andar un novos apartado na páxina web da asociación (www.exeria.org), no que recoller todas as nosas cancións. Foi idea da nosa querida Rosina chamarlle a este apartado “Imos de troula”. Folga facer unha pausa para lembrar esta compañeira que partiu recentemente antes do previsto. Rosina compartiu con nós non só este día, senón anos na asociación. Que descanse en paz e que goce da liberación no reino da paz. Grazas pola túa vida, autenticidade, compromiso, testemuña e coidado. Canto aprendín de ti, compañeira!

Logo da festa, quedaba a sorpresa estrela da xornada. Con gozo, achegámonos a Pontevedra, onde tivemos un reencontro especial. Quedamos con Engracia Vidal para celebrar o seu 90 aniversario. Con ela compartimos unha animada conversación, algunha que outra canción e moita vida.

Foi un día revitalizador. Que alegría xuntarnos despois de tanto tempo! Que bonito compartir reflexións, oración, espazo, canto e baile! Agradecidas, fixemos unha valoración xeral do día vía telemática, na que destacamos a cantidade de emocións, a celebración sentida, a ledicia do compartir e o coidado tan preciso nestes intres nos que acabamos de saír dun ano tan estraño.

Persoalmente, non teño máis ca palabras de agradecemento. Somos unha comunidade de fe viva e leda cunha fonda comprensión da vida e celebración. Paréceme extremadamente preciso, correndo os tempos que corremos e vivindo unha etapa na que a Igrexa precisa diso: alegría, vida, emoción, sensibilidade e fortaleza. Recuperando esa canción que tanto nos gusta, *A Voz das Amigas,* de Leilía: “todas xuntas non temos fronteira”.

> Foi un día revitalizador. Todas xuntas non temos fronteira!



Foto de grupo. Rosina, segunda pola dereita na primeira fila, compartiu non só este día, se non anos preto da asociación MCG Exeria.

Boa nova

Christina Moreira

Pere Casaldáliga, home raíz



Con quen compararei a Pere, o compañeiro, o mestre?

Cun carteiro, con aquel que tivo hai uns días un accidente de moto diante de nós, o Tori e mais quen escribe, na avenida de Monelos. Ficou tirado debaixo da moto, saímos correndo a axudar a levantar o vehículo para ver de botarlle unha man ao home que batera no chan. Mentres os outros pelexaban, abriuse o compartimento traseiro, deixando ver o contido e pronto as mans ansiosas de quen ficaba tirado puxéronse a xuntalas, recollelas con urxencia..., non importaba outra cousa. Un home tirado, sen saber sequera se estaba enteiro, só se preocupou polo seu cometido, a integridade da súa misión: transmitir, ou máis ben permitir que outra xente puidese transmitirse palabras e información e tantas cousas que, por ser correo de tarde, coidamos eran importantes.

Horas de caída, horas de crise, horas de dor e inquedanza que fan emerxer o noso verdadeiro núcleo, como dicía o Mestre Xesús, o lugar onde "arde o corazón", imposible de finxir.

Casaldáliga bateu coa súa diocese de Sao Félix do Araguaia a moitos miles de quilómetros da súa Catalunya natal, chantou no seu chan as súas raíces e dedicou o resto da súa vida a transmitir, ou máis ben a facilitar que a transmisión se fixese posible. Levaba nos beizos a Boa Nova de que o mundo é un, a especie humana unha soa raza, o sorriso que arde por dentro é universal. Falaba de paixón, de amor quentura e lume ardente, como recordo, nos primeiros versos que lin del, *Sonetos neobíblicos precisamente*. A poesía deixa dicir o que el vía cando outros vían indios ignorantes, material para domar, escravos potenciais; deixa falar do Reino ao fin descuberto xunto a eles, quizabes a necesidade de axeonllarse diante desa xente, das súas vidas.

> Casaldáliga levaba nos beizos a Boa Nova de que o mundo é un

Este seguidor de Xesús levaba nos petos a ferramenta para transportar a súa mensaxe, liviá e imposible de envorcar: amor incondicional e gratuíto, así, absoluto e sen paliativos cando tocou usala para defender a xustiza.

"Y me llama tu paz como un abismo
Mientras cruzo las sombras, guerrillero
Del Mundo, de la Iglesia y de mí mismo."

Palabras de amor para un pobo que fixo seu, unha estirpe de escolla, dos indios que levaron o seu cadaleito á súa terra, no cemiterio deles que el escolleu.

Boa nova

Christina Moreira

Aínda lembro cando escoitei que se negaba a bautizar indios. Sen bautizar lle fora dado coñecelos, sen bautizar podían seguir, igualmente amados, igualmente dados das mans con Deus e con todo.

Aprendemos de Pere a cara amable do clérigo que non quixo ser clerical, que non se impuxo nin someteu, do servidor que desde o servizo alcanzou toda a liberdade do mundo para cantarlle as 40 ao mesmo papa para contradicir con sentido as convencións sociais e os elegantes protocolos episcopais. Dicir na mesma frase "bispo" e "revolución" deixa un bo sabor de boca, sabor a evanxeo, a liberdade.

Por Pere sabemos que é posible vivir o evanxeo sen oprimir. Pódese amar servindo coa tenrura por diante sen ter pelos na lingua, esa é a revolución, o esencial, o núcleo, o central, o que convén rescatar cando envorca o noso vehículo, mesmo o propio corpo co que andamos o camiño da vida. Cando os ánimos entre cristiáns andan preto do cero cósmico, cando se erguen por todas partes voces vencidas e resignadas de fracaso que anuncian o "acabouse". Cando a vergoña de podremia e aldraxes en carnes dos máis vulnerables e miúdos ameaza con levar por diante esperanzas e ansias de levar boas novas a ningures, sempre nos quedará Casaldáliga e unha longa lista de nomes máis que, coma el, se inseriron no ADN da xente, intimamente comprometidos e namorados, capaces de dalo todo aínda que soen trompetas de morte.

Cantas veces ameazado, cantas veces a súa morte anunciada en falso? Non sabiamos que hai homes que non se poden matar, que nada pode esmagar, homes que son nortes e saben ir ao importante, o imprescindible, o urxente, e, engado, por se non quedara sabido, que tamén mulleres, moitas, conxenitamente (xenitalmente, diría)[1] destinadas ao esmagamento. Saber o que importa e aí chantarse, pase o que pase. Só o amor pode facelo, só o amor dá azos, comprensión, valor e verdadeira humildade, a que nace de facer un coa terra.

1 - Permítaseme esta licencia apoética

Dicir na mesma frase "bispo" e "revolución" deixa un bo sabor de boca, sabor a evanxeo, a liberdade.

Edita: Asociación A. IRIMIA - Dende setembro de 1981

Mesa de redacción: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

Colaboradores: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopeña, Tareixa Ledo Regal, Clodio González Pérez, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto, Rubén Aramburu Molet, Marisa Vidal, Xan Guillén, Christina Moreira, Carlos Vázquez G., Teresa Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Lucía Santiago Díaz, Baldomero Iglesias Dobarrio (Mero), Lois Ferradás, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medín, Francisco Almuíña, Alfonso Mascuñana, Antón Laxe, Ramón Díaz Raña, Olga Álvarez, Engracia Vidal Estévez, Manuel Arca e J.M. Barca López.

Corrección lingüística: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

Recepción de artigos e colaboracións en: revistairimia@asociacion-irimia.org

Subscricións: Apdo. 296 – 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 615 464 095 / subscricions@asociacion-irimia.org

Ordinaria: 30 Euros, de Apoio: 45 Euros. Cota de socio: 3 Euros.

Para asuntos da asociación non relacionados coa revista: asociacion-irimia@asociacion-irimia.org

Conta: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago

Depósito Legal: C-1417-81

Tirada: 650 exemplares

Deseño e maquetación: TallerDD (Riveiro)

ISSN: 2172-9182

Imprime: TÓRCULO Artes Gráficas

Distribúe: IMPACTA

Edición electrónica: http://irimia.gal

Feito en papel reciclado



"Nada possuir, nada carregar, nada pedir, nada calar e, sobretudo, nada matar"

(Dom Pedro Casaldáliga)

Actividade subvencionada pola

Deputación DA CORUÑA

O noso taboleiro

Romaxe

Este que aquí publicamos é o texto oficial no que a Asociación Irimia comunica como se vai artellar unha alternativa á tradicional Romaxe de Crentes Galegos. Foi redactada no mes de xullo. As circunstancias epidemiolóxicas, desde entón, empeoraron na zona das mariñas coruñesas, onde se sitúa Bergondo. Por iso resulta especialmente importante lembrar que quen pense estar presente na celebración de Bergondo debe comunicalo antes no teléfono 626 77 48 09.



No 2020 non haberá Romaxe (pero si Rumores de Romaxe)

A Romaxe de Arzúa de 2020 ("Pegadas de esperanza") queda adiada para o 2021. A situación sanitaria é a que é e cómpre sermos responsables.

Con todo, non renunciamos a facer algo alternativo e con outra dimensión, distinto e seguro, e sempre que a situación sanitaria o permita.

Por iso, sen haber a Romaxe como tal, que é encontro aberto, aperta irreprimible e máscaras fóra, haberá eses *Rumores de Romaxe*, un anticipo da Romaxe 2021 feito doutra maneira.

Animámosvos a todos os grupos, comunidades, parroquias... que vindes participando nas romaxes a que organicedes, na mañá do segundo sábado de setembro, un encontro de celebración nalgún lugar próximo ás vosas casas (eira da casa, veiga privada ou nalgún monte próximo). Cada grupo será parte deses Rumores de Romaxe espallados por toda Galicia. O sábado 12 de setembro, ás 12.00 h, poderemos, logo, ter celebracións simultáneas en rede, compartidas por whatsapp, en audios e notas de voz, que nos conecten aos diferentes grupos. Na revista daremos máis detalles de como facer. Só é necesario un grupo con ganas de celebrar a nosa fe e galeguidade e un espazo con cobertura de móbil. Máis nada! Este ano os Rumores de Romaxe van chegar ás nosas casas! Todos á vez compartiremos textos, música e celebración.

Ademais desa rede de pequenas celebracións autoorganizadas haberá unha celebración de referencia, presencial, no mosteiro de Bergondo, que conectará con todas as celebracións locais. Está pensada como un encontro de menor dimensión ca unha Romaxe, evidentemente, algo semellante ás noutrora chamadas "Irimianzas". En Bergondo a celebración deses R*umores de Romaxe*, dese recordatorio e anticipo da Romaxe que será, vai ser aberta á participación de quen queira, coas medidas de seguridade debidas, pero haberá que "anotarse", pois, como é ben sabido, os aforamentos para todas estas cousas están agora regulados por lei.

Moi importante:

Para facer posible a conexión en rede, todos os grupos e comunidades locais que queiran conectarse ese día e seren parte desas celebracións interconectadas e alternativas a través de *whatsapp* deben poñerse en contacto con este número : 676 18 01 27.

Para avisar de que se asistirá á celebración no Mosteiro de Bergondo debe darse razón, antes do 10 de setembro, no seguinte número: 626 77 48 09.

Falando da lingua

Lidia e Valentina

Estamos de volta!!!

Aquí estamos unha tempada máis, e non pensedes vós que non estamos contentas… Por moitas cousas: porque a comunidade irimega continúa a contar con nós e porque o bichiño ese que anda por aí nos permite continuar, que non pensedes vós que non lle temos medo… Vaia, medo non, pavor…!!! Confiamos en que vós e a vosa xente esteades ben e en que esteades a ter moito sentidiño, a mirar por vós e a un tempo por nós…

O caso é que vai alá o verán, e aproveitamos aquel dito que nos saíu hai uns anos "Tras a Peregrina, inverno encima e despois da Romaxe, tumbona ao garaxe…" e con isto xa podiamos arrancar repasando que as palabras rematadas en -axe son femininas menos traxe, paxe e... lembrades cal é a outra excepción? Non seguimos porque o curso sempre hai que empezalo lixeiro, con algún repaso e isto xa o cubrimos...

Tamén imos cunha curiosidade, a ver se é para alguén novidade. Todas as persoas lectoras sabedes o que significa "etc.", esa abreviatura que se utiliza para indicar que unha lista de cousas continúa e que non se nomean todas para que non se faga moi longa. É a abreviatura da locución preposicional latina "*et cetera*", que significa "e o demais". Pois ben, ata aí todo sabido. Pero vós tédesvos dado conta de que en moitos textos en galego a abreviatura "etc." normalmente non aparece precedida dunha coma, coma en castelán: "Tiñan cans, gatos, galiñas, porcos etc.". E sabedes por que? Pois porque dicimos que tiñan cans, gatos, galiñas, porcos "e o demais", daquela, como antes da conxunción copulativa "e" non é correcto poñer comas, pois vai sen ela neste caso. Se vedes algunha vez unha coma diante do "etc." en galego ha ser por copia do castelán, onde si lla poñen. Nós mesmas temos caído moito neste erro, pero, a partir de agora, toca corrixirse. Ademais tedes que ter en conta que a abreviatura debe ir sempre seguida dun punto, por iso mesmo, porque é unha abreviatura, igual ca Sr., Dra., séc., núm., ex. etc.

Vémonos nestes Rumores de Romaxe virtual para os que nos convocaron!!!

etc.

O fachineiro do novo curso

Proxectos motivadores



Agora que vai comezar o curso escolar, é hora de abordar novos proxectos educativos con ilusións renovadas. De entre todas as posibilidades, este fachineiro quere animar á comunidade educativa a participar nun especialmente motivador. Leva por título "Que es un rey para ti?" e xa vai pola edición número 40. Trátase dun proxecto que xera un amplo consenso, xa que está apoiado economicamente por todas as comunidades autónomas agás dúas (curiosamente, Cataluña e o País Vasco), o cal, lonxe de desvalorizar a iniciativa, contribúe, sen dúbida, a agrandala. O proxecto ten apartados de artes plásticas, vídeo musical e ata de robótica. Pero desde logo o que considera este fachineiro máis interesante e proveitoso é o de storytelling, xa que para animar á participación di: "Ponte en la piel del Rey y/o la Princesa y crea un storytelling". Para inspirarnos podemos acceder aos traballos gañadores doutras edicións en queesunreyparati.es ou, simplemente, na Casa Real. Non estaría de máis que esta edición tivese tamén un apartado de xeografía (este fachineiro, na súa ignorancia, non sabía certamente cal era a capital dos Emiratos Árabes Unidos) ou de enxeñería fiscal, porque o saber non ocupa lugar.

A.Q.